

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

ORDE do 30 de novembro de 2017 pola que se establece o procedemento para a selección e nomeamento de persoal interino para o desempeño de postos reservados a persoal funcionario da Administración local con habilitación de carácter nacional.

O artigo 92 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, atribúe ás comunidades autónomas a competencia para levar a cabo os nomeamentos de persoal interino naqueles postos reservados a persoal funcionario da Administración local con habilitación de carácter nacional.

Para o exercicio desta competencia é de aplicación no caso de Galicia o Decreto 49/2009, do 26 de febreiro, sobre o exercicio de competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto do persoal funcionario con habilitación de carácter estatal que, seguindo o marcado pola Constitución española, recolle a obriga de que a selección deste persoal se efectúe respectando os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade, en consonancia co disposto no artigo 34 do Real decreto 1732/1994, do 29 de xullo, sobre provisión de postos de traballo reservados a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional.

A maior abastanza, tanto o decreto autonómico como o real decreto estatal citados sinalan que é a entidade local a que debe propor ao órgano competente da comunidade autónoma o nomeamento de persoal funcionario coa titulación requirida para o acceso á subescala e categoría correspondente e, dentro daquela, é a Dirección Xeral de Administración Local a encargada de nomealos.

Na actualidade, estase producindo un incremento do número de prazas vacantes en postos reservados a persoal funcionario da Administración local con habilitación de carácter nacional, que se ve incrementada coa necesidade de creación de novos postos de tesoureiros, cos conseguintes prexuízos para os concellos, que poden ver diminuída a súa capacidade de xestión.

A posibilidade de cubrir eses postos dun xeito máis ou menos constante fai que os concellos de Galicia, cada vez en maior número, estean a levar a cabo probas selectivas



para o nomeamento de persoal funcionario interino para a cobertura de postos abertos ás escalas e subescalas da Administración local con habilitación de carácter nacional, coa conseguinte falta de homoxeneidade entre todos eles, incremento dos gastos e diminución da eficacia e eficiencia que debe presidir toda actuación pública.

Dentro do respecto á autonomía local, a Dirección Xeral de Administración Local recolle a posibilidade de ofertar aos concellos de Galicia unha provisión de postos vacantes por interinos dun xeito máis áxil, respectando sempre os principios constitucionais de acceso á función pública.

Para iso créanse, na mesma liña da normativa comparada doutras comunidades autónomas, as bolsas de interinos, atribuíndo á Dirección Xeral de Administración Local a súa convocatoria e xestión, dentro do respecto á autonomía local e coa finalidade de facilitar aos concellos estes nomeamentos, de evitalles custos e as desvantaxes que supoñen a realización de multitude de probas selectivas.

É unha demanda das entidades locais galegas de sempre, aínda que cada entidade local, se así o desexa, realice as súas propias convocatorias para a provisión interina destas prazas.

O artigo 205 da Lei 2/2015, do 27 de abril, do emprego público de Galicia, habilita as entidades locais para encomendar a selección do seu persoal á Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

Esta orde ten por obxecto a elaboración de bolsas de interinos para a cobertura temporal de postos mediante persoal con titulación e formación suficiente, o que lles permite acceder e dispoñer dos medios necesarios para a presentación de solicitudes e realización doutros trámites regulados nesta orde utilizando só medios electrónicos, dando así cumprimento á previsión do artigo 14.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Hai que sinalar que de acordo co Real decreto 543/2001, que recolle o principio de acceso ao emprego público dos nacionais doutros Estados en condicións de igualdade cos españois, non poderán acceder os nacionais doutros Estados ás subescalas de secretaría, intervención-tesouraría, e secretaría-intervención, da escala de funcionarios da Administración local con habilitación de carácter nacional e, por iso, é requisito imprescindible para participar neste proceso ter a nacionalidade española.



Pola súa banda, o artigo 1.2 do Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, este é o departamento da Xunta de Galicia ao cal corresponde a elaboración, proposta e execución da política do Goberno galego en materia de Administración local.

No artigo 20 do mesmo Decreto 72/2013, do 25 de abril, indícase que o órgano encargado da xestión das competencias que se atribúen á Xunta de Galicia en materia de Administración local é a Dirección Xeral de Administración Local.

Por todo isto,

RESOLVO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación*

1. O obxecto desta orde é a regulación das bolsas para a selección do persoal interino para o desempeño de postos reservados a persoal funcionario da Administración local con habilitación de carácter nacional en entidades locais de Galicia.

2. O procedemento previsto nesta orde enténdese sen prexuízo da competencia das entidades locais galegas para seleccionar e propor o nomeamento de persoal interino de acordo co disposto no artigo 46 do Decreto 49/2009, do 26 de febreiro, sobre o exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto do persoal funcionario con habilitación de carácter estatal e no artigo 34 do Real decreto 1732/1994, do 29 de xullo, sobre provisión de postos de traballo reservados a funcionarios da Administración local con habilitación de carácter nacional.

Artigo 2. *Normas xerais*

1. Por razóns de urxencia ou de necesidade e por solicitude expresa da entidade local correspondente, e mentres non sexa posible a súa provisión de xeito definitivo ou mediante nomeamento provisional, comisión de servizos ou acumulación, a Dirección Xeral de Administración Local poderá nomear persoal interino seleccionado polo procedemento que se establece nesta orde.



2. Para estes efectos, constituiranse tres bolsas de ámbito autonómico, unha para desempeñaren tarefas da subescala de secretaría-intervención, outra para a de secretaría, categoría de entrada, e outra para a de intervención-tesouraría, categoría de entrada.

3. A Dirección Xeral de Administración Local ditará resolución de convocatoria para a elaboración das bolsas para a selección de persoal interino reguladas nesta orde e será publicada no *Diario Oficial de Galicia*.

4. As persoas candidatas poderán solicitar a inclusión en cada unha desas tres bolsas e deberán optar por unha zona de preferencia en cada unha das bolsas.

CAPÍTULO II

Bases das bolsas para a selección de persoal de interino

Artigo 3. Requisitos xerais e específicos para a inclusión nas bolsas para a selección de persoal interino

1. As persoas aspirantes a formar parte de calquera das bolsas para a selección de persoal interino do corpo de persoal funcionario da Administración local con habilitación de carácter nacional deberán reunir na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, de acordo coa convocatoria, os seguintes requisitos xerais:

a) Nacionalidade: ter a nacionalidade española.

b) Idade: ter un mínimo de 16 anos de idade e non ter a idade máxima de xubilación forzosa.

c) Titulación: estar en posesión, ou estar en condicións de obter, a titulación académica exixida para o acceso á correspondente subescala de acordo co previsto no artigo 22 do Real decreto 1174/1987, do 18 de setembro, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional.

d) Habilitación: non ter sido separado ou separada do servizo mediante resolución firme de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial cando se trate de acceder á escala de persoal funcionario da Administración local con habilitación de carácter nacional.



Así mesmo, tampouco poderán formar parte das bolsas de interinos aquelas persoas cesadas nos últimos tres anos como persoal interino por falta de capacidade ou rendemento en calquera das subescalas de persoal funcionario de habilitación nacional.

e) Capacidade funcional: posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións.

Os requisitos establecidos neste número 1 para formar parte das bolsas para a selección de persoal interino serán exixibles, así mesmo, desde o nomeamento ata o cesamento como interino.

2. Para formar parte das bolsas para a selección de persoal interino, as persoas solicitantes, deberán, así mesmo, cumprir os seguintes requisitos específicos:

a) Ter superado a correspondente proba tipo test sobre os contidos do temario que para cada escala e subescala se relaciona no anexo desta orde.

b) Ter superado a correspondente proba de galego. Estarán exentas de realizar este exercicio as persoas aspirantes que acrediten que dentro do prazo sinalado para presentar a solicitude para participar neste proceso posúen o Celga 4 ou o equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007 (DOG núm. 146, do 30 de xullo), modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014 (DOG núm. 34, do 19 de febreiro), pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega.

c) Realizar un curso de formación práctica baixo a modalidade de teleformación organizado pola Escola Galega de Administración Pública sobre os contidos do temario que para cada escala e subescala se relaciona no anexo desta orde.

Artigo 4. Valoración de méritos e ordenación das persoas interesadas nas bolsas para a selección de persoal interino

1. As persoas solicitantes admitidas no proceso por reuniren os requisitos xerais e que cumpran cos requisitos específicos relacionados no artigo 3.2, terán a puntuación seguindo o criterio de valoración de méritos que a seguir se especifica e referidos á data de publi-



cación da correspondente resolución de convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* no caso dos méritos dos puntos II e III:

I. Superación do exame tipo test.

A puntuación máxima obtida será de 60 puntos e referirase á nota obtida no exercicio tipo test.

II. Tempo de servizos prestados.

Computaranse os servizos prestados en postos reservados a persoal funcionario da Administración local con habilitación de carácter nacional en virtude de nomeamento para o desempeño con carácter accidental ou interino en entidades locais: 0,0055 por día.

Computaranse indistintamente para calquera das tres bolsas, con independencia do posto en que prestasen servizos, sempre que fosen reservados a persoal funcionario de habilitación de carácter nacional.

A puntuación máxima posible para cada aspirante polo conxunto dos méritos previstos nesta epígrafe será de 20 puntos.

III. Probas de acceso superadas.

Valoraranse en cada bolsa os exercicios dos procesos selectivos superados na correspondente subescala a que opten, de acordo co seguinte baremo:

a) Pola superación de exercicios do último proceso selectivo concluído para corpos reservados a persoal funcionario da Administración local con habilitación de carácter nacional da correspondente subescala: 10 puntos por exercicio superado.

b) Pola superación de exercicios do penúltimo e antepenúltimo proceso selectivo concluído para corpos reservados a persoal funcionario da Administración local con habilitación de carácter nacional da correspondente subescala: 5 puntos por exercicio superado.

A puntuación máxima posible por esta epígrafe e para cada bolsa será de 20 puntos.



2. De producirse empate na puntuación, a orde de desempate será a seguinte:

a) Pola puntuación obtida no exercicio tipo test.

b) Pola letra vixente no resultado do sorteo para participar en procesos selectivos do ano natural anterior na Administración autonómica de Galicia.

c) Pola persoa solicitante de maior idade.

Artigo 5. *Formación das listas e aprobación da bolsa*

1. Rematado o prazo de presentación de solicitudes para a inclusión nas bolsas de interinos, a Dirección Xeral de Administración Local elaborará as listas de persoas admitidas e excluídas para a realización da proba tipo test, tanto provisionais coma definitivas, nas cales se indicarán expresamente as causas de exclusión. Así mesmo, publicarán a relación de persoas que terán que realizar a correspondente proba de galego por non ter debidamente acreditado o seu coñecemento na forma prevista no artigo 3.2.b).

O anuncio de exposición das listas provisionais e definitivas para a realización da proba tipo test e da proba de galego, nos casos en que proceda, publicarase no *Diario Oficial de Galicia*.

2. As persoas interesadas terán dez días hábiles para formularen reclamacións ou emendar os defectos de que adoeza a súa solicitude, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de exposición das listas provisionais de admitidos e excluídos no proceso no *Diario Oficial de Galicia*.

3. Transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior, a Dirección Xeral de Administración Local aprobará a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas para a realización da proba tipo test e da proba de galego, nos casos en que proceda, e sinalará a data e lugar da súa realización.

4. Constituirase un tribunal de conformidade co previsto no artigo 6 que realizará as probas tipo test sobre o temario establecido no anexo desta orde para cada unha das subescalas que se convoquen e, se for o caso, a proba de galego.

Así mesmo, o tribunal verificará que os méritos alegados polas persoas solicitantes se corresponden cos datos proporcionados pola Dirección Xeral de Administración Local.



5. Unha vez realizada a proba tipo test e a proba de galego, nos casos en que proceda, e verificados os méritos, o tribunal cualificador publicará no portal de servizos web Eido local as puntuacións provisionais que resulten das probas e a baremación provisional dos méritos alegados e referidos no artigo 4, puntos II e III, desta orde.

O anuncio de exposición destas puntuacións provisionais publicarase no *Diario Oficial de Galicia*.

As persoas interesadas terán dez días hábiles desde o día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia* do anuncio de exposición no portal de servizos web Eido local para formular as alegacións que coiden pertinentes sobre a puntuación obtida na proba tipo test e a proba de galego, se for o caso, e sobre os méritos baremados.

6. Cando remate o prazo previsto no parágrafo anterior, a Dirección Xeral de Administración Local aprobará as listas definitivas das bolsas para a selección de persoal interino, ordenadas por puntuación e publicaranse no portal de servizos web Eido local.

7. O anuncio de exposición das puntuacións definitivas publicarase no *Diario Oficial de Galicia*, co cal as persoas integrantes desas listas definitivas quedarán convocadas á realización do curso de formación *on line* dentro do prazo das seis semanas seguintes á dita publicación.

8. As bolsas para a selección de persoal interino estarán formadas polas persoas integrantes das listas definitivas anteditas e que realicen o curso de formación e entrarán en vigor o día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia* do anuncio de exposición das persoas declaradas aptas tras a realización do curso de formación referido no anterior número e substituirán as listas vixentes, cando as houber, que quedarán anuladas nesa mesma data, sen que isto supoña ningún dereito para as persoas integrantes delas.

Artigo 6. *Tribunal*

1. O tribunal cualificador da proba tipo test e da proba de galego, nos casos en que proceda, estará formado por un presidente ou unha presidenta, un secretario ou unha secretaria e tres vogais, e as súas respectivas persoas suplentes, e será nomeado pola persoa titular da Dirección Xeral de Administración Local. En ningún caso os membros do tribunal poderán ser persoal interino, persoal eventual ou persoal de elección ou designación política. Cada membro do tribunal terá a súa persoa suplente.



2. O procedemento de actuación do tribunal axustarase en todo momento ao disposto nesta orde, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e nas instrucións relativas ao funcionamento e á actuación dos órganos de selección vixentes na Xunta de Galicia en todo o que resulten de aplicación e non sexa contrario ao disposto nesta orde e ao resto do ordenamento xurídico.

3. Serán membros do tribunal:

Presidente: a persoa titular da Subdirección Xeral de Réxime Xurídico Local ou persoa en quen delegue.

– Vogais: dous persoas funcionarias da Administración local con habilitación de carácter nacional propostas pola Dirección Xeral de Administración Local e un funcionario ou unha funcionaria pertencente ao grupo A, subgrupo A1, da Xunta de Galicia.

– Secretaría: un funcionario ou unha funcionaria pertencente ao grupo A, subgrupo A1, da Xunta de Galicia que actuará con voz e voto.

4. O tribunal terá a categoría primeira das recollidas no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón do servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia.

5. A composición do tribunal será paritaria entre homes e mulleres.

Artigo 7. *Vixencia e novas convocatorias*

1. As bolsas para a selección de persoal interino do corpo de persoal funcionario da Administración local con habilitación de carácter nacional das subescalas de secretaría-intervención, secretaría categoría de entrada ou intervención-tesouraría categoría de entrada que se constitúan definitivamente terán unha vixencia de tres anos, prorrogables por un ano máis, sen prexuízo de que poidan ter unha vixencia menor, segundo o sinalado no seguinte punto.

2. A Dirección Xeral de Administración Local poderá proceder á convocatoria de novas bolsas para a selección de persoal interino para calquera das subescalas do corpo de persoal funcionario da Administración local con habilitación de carácter nacional, conforme o disposto nesta orde e no prazo dun ano contado desde a publicación da proposta definitiva da bolsa resultante da última convocatoria, ou en calquera momento sempre que se produzan circunstancias excepcionais ou modificacións legislativas que así o aconsellen.



CAPÍTULO III
Xestión das bolsas de interinos**Artigo 8. Órgano encargado da xestión das bolsas de interinos**

1. Realizadas as probas selectivas e de acordo coas listas definitivas que resulten do previsto no número 6 do artigo 5 desta orde, a Dirección Xeral de Administración Local xestionará as correspondentes bolsas para a selección de persoal interino para cada sub-escala e categoría.

2. A xestión das bolsas para a selección de persoal interino levaraa o persoal adscrito á Subdirección Xeral de Réxime Xurídico Local da Dirección Xeral de Administración Local. Así mesmo, para resolver todas as cuestións de interpretación e seguimento das bolsas de traballo, así como as incidencias que se presenten nos chamamentos para a cobertura das prazas vacantes que se oferten, a Dirección Xeral de Administración Local nomeará unha comisión que estará formada por dúas persoas coa condición de funcionario ou funcionaria da propia dirección xeral e unha persoa funcionaria do grupo A de calquera das entidades locais de Galicia proposta pola asociación de municipios e provincias máis representativas e con maior implantación no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 9. Procedemento de solicitude de selección e nomeamento de persoal funcionario interino

As entidades locais poderán dirixir á Dirección Xeral de Administración Local a través do portal de servizos web Eido local a súa petición de selección e nomeamento de persoal interino cando non poida levar a cabo a provisión de postos reservados a persoal funcionario con habilitación de carácter nacional mediante nomeamento provisional, comisión de servizos ou acumulación.

Artigo 10. Selección, chamamento e toma de posesión de persoal interino

1. O proceso de selección e chamamento de persoas candidatas, así como da aceptación por estes das prazas ofertadas, divídese en tres fases:

a) Anuncio da oferta de prazas e chamamento das persoas candidatas no portal de servizos web Eido local. Cada mércores –ou, de non poder ser, o día seguinte hábil– ata as 14.00 horas, a Dirección Xeral de Administración Local publicará a relación de prazas ofertadas, ordenadas por orde cronolóxico de presentación da solicitude por parte das entidades locais. Esta relación incluírá as prazas que, aceptadas pola Dirección Xeral de



Administración Local para a cobertura con persoal funcionario interino, fosen solicitadas ata as 9.00 horas do día hábil anterior, e expresará o motivo da súa cobertura. Así mesmo, publicarase a relación de persoas preseleccionadas para cubrir aquelas segundo a orde de prelación obtida, cunha *ratio* de dúas persoas por cada praza ofertada.

Se o chamamento corresponde a unha persoa que está traballando como persoal interino para calquera das subescalas do corpo de persoal funcionario da Administración local con habilitación de carácter nacional en entidades da Comunidade Autónoma de Galicia, pasaralle a vez e conservará o mesmo posto na bolsa.

A *ratio* de dúas persoas só se respecta no caso de que haxa polo menos un candidato da zona de preferencia correspondente para cada unha das prazas ofertadas. Nos demais casos, e para garantir a cobertura das prazas, seleccionaranse ás seguintes persoas dispoñibles dentro da bolsa de acordo coa súa posición, ata chegar á primeira que asegure o chamamento.

De non haber ningunha persoa candidata da zona de preferencia da praza ofertada, a Dirección Xeral, atendendo ás necesidades de servizo, á efectividade da bolsa correspondente ou ao número de solicitudes, poderá establecer que na bolsa única de ámbito autonómico queden integradas obrigatoriamente todas as persoas solicitantes, e non serán de aplicación, para este caso, as previsións establecidas no parágrafo anterior. Esta bolsa de ámbito único autonómico será de aplicación ata que se regularice a situación.

A publicación realizarase a través do portal de servizos web Eido local, accesible desde a páxina web da consellería competente en materia de Administración local na forma prevista no punto 2 deste artigo.

b) Aceptación de prazas ofertadas. As persoas incluídas na relación de preseleccionadas disporán dun prazo, que irá desde a publicación ata as 14.00 horas do día seguinte hábil, para cumprir coa obriga de comunicar a aceptación de prazas ou para manifestar expresamente o seu rexeitamento da oferta. A comunicación de cada participante deberá conter, como mínimo, todas as prazas que sexan da súa zona de preferencia ordenadas por orde de preferencia. A aceptación será obrigatoria para a zona de preferencia, e soamente será posible modificar a orde de preferencia na elección no caso de haber varias ofertas simultáneas. No caso da obriga de aceptar por tratarse de postos da zona de preferencia, se a persoa candidata non comunica a súa participación, aínda que as prazas fosen cubertas polos outras persoas participantes, entenderase que rexeita a oferta e, polo tanto, será excluída da bolsa utilizada para realizar o chamamento. Esta comunicación realiza-



rarse a través do portal de servizos web Eido local, accesible desde a páxina web da consellería competente en materia de Administración local na forma prevista no punto 2 deste artigo. Se non se efectúa a comunicación da aceptación antes de que venza o dito prazo, considerarase que a persoa preseleccionada non acepta ningunha das prazas ofertadas.

c) Publicación das persoas seleccionadas. Cada luns –ou, no seu defecto, o día seguinte hábil–, ata as 14.00 horas, a Dirección Xeral de Administración Local publicará, na forma prevista no punto 2 deste artigo, a relación de prazas aceptadas e as persoas seleccionadas.

2. A Dirección Xeral de Administración Local comunicará a exclusión das bolsas para a selección de persoal interino ás persoas que a través do dito proceso foran chamadas para aceptar todas as prazas da súa zona de preferencia e non as aceptasen expresamente. As prazas non cubertas serán incluídas na seguinte oferta de prazas.

3. Para o desenvolvemento do proceso previsto nos puntos anteriores, tanto as publicacións que realice a Dirección Xeral de Administración Local coma as comunicacións realizadas ás persoas interesadas realizaranse a través do portal de servizos web Eido local, accesible desde a páxina web da consellería competente en materia de Administración Local. Para tal fin, facilitaráselles ás persoas que formen parte das bolsas para a selección de persoal interino, de non o teren xa, un usuario de acceso. Os códigos de identificación da conta de usuario e do contrasinal serán de uso persoal e intransferible.

As persoas usuarias poderán obter da aplicación informática, a través do portal de servizos web Eido local, confirmación da realización dos trámites.

A Dirección Xeral de Administración Local poderá aprobar o establecemento doutros mecanismos de acceso electrónico e telecomunicación.

4. As persoas seleccionadas disporán dun prazo máximo de tres días hábiles, contado desde a publicación da súa adxudicación, para tomar posesión ante a entidade local competente, momento en que, e co fin de ser nomeados previamente pola Dirección Xeral de Administración Local, presentarán, como requisito inescusable, os documentos que se relacionan a seguir:

a) Declaración responsable ou documento xustificativo de que non foron condenadas por delito doloso a penas privativas de liberdade maiores de tres anos, a non ser que se obtivese a cancelación dos antecedentes penais ou a rehabilitación.

CVE-DOG: z8vgnkh9-vkz5-cln4-iy4-xctp1ys7gyc9



b) Declaración responsable ou documento xustificativo de que non foron separadas do servizo mediante resolución firme de calquera Administración pública e de non estaren inhabilitadas para o desempeño das funcións públicas, salvo que foran debidamente rehabilitadas.

c) Declaración de non estar incursas en causa de incompatibilidade para o exercicio da función pública na Administración local.

d) Certificado médico que acredite que non padecen defecto físico ou enfermidade psíquica ou física que as incapacite para o desempeño do cargo.

e) Aquelas persoas que teñan a condición legal de discapacitadas con grao igual ou superior ao 33 por 100 deberán presentar certificación do equipo de valoración e orientación correspondente da Comunidade Autónoma galega, ou de calquera outro órgano competente doutra comunidade, que acredite a súa capacidade funcional para desempeñar as tarefas propias do corpo cuxas funcións van desempeñar.

A falta de presentación da dita documentación supón a renuncia ao nomeamento e a exclusión automática da bolsa de interinos correspondente.

5. Nos supostos en que a necesidade de cobertura dun posto non sexa previsible coa antelación suficiente, ou cando polas circunstancias concorrentes no proceso de chamamentos debidamente acreditadas sexa necesaria a súa cobertura de forma urxente para evitar graves prexuízos no funcionamento e/ou prestación do servizo público, o chamamento poderase realizar telefonicamente desde o momento en que se produza a necesidade.

O chamamento seguirá a orde da bolsa e efectuarase nos mesmos termos que os chamamentos ordinarios. O prazo para tomar posesión nestes nomeamentos urxentes será de 24 horas desde a comunicación telefónica coa persoa interesada.

Na seguinte publicación das adxudicacións dos últimos chamamentos ordinarios realizados figurarán tamén os chamamentos urxentes efectuados.

Artigo 11. *Cesamento*

Os nomeamentos que se efectúen ao abeiro da presente orde terán carácter temporal e extinguirse a relación de servizos coa entidade local correspondente cando desapareza



a urxencia que determinou a cobertura do posto, cando se reincorpore de forma efectiva o habilitado nacional titular con dereito a reserva do posto de traballo que estea a ser cuberto en réxime de interinidade e, en todo caso, cando o posto de traballo sexa cuberto de forma efectiva por persoal funcionario de carreira por calquera dos sistemas legalmente establecidos, como nomeamento provisional ou por acumulación.

Artigo 12. *Causas de exclusión da bolsa de interinos*

1. Cando a persoa seleccionada para un posto concreto coincidente coa zona de preferencia non acepte o seu nomeamento no prazo previsto no artigo 10.1.b), ou non se presente para tomar posesión nin achegue a documentación prevista dentro do prazo establecido no artigo 10.4, entenderase que renuncia ao nomeamento e quedará excluída da bolsa.

Igualmente, serán excluídas da bolsa as persoas preseleccionadas que non cumpran coa obriga de comunicar a súa participación na oferta de prazas da súa zona de preferencia, aínda que as prazas ofertadas sexan cubertas polos outros preseleccionados, xa que neste caso se entenderá que rexeita o chamamento.

2. Non obstante, non procederá a exclusión da bolsa cando a persoa seleccionada demostre e poña en coñecemento da Dirección Xeral de Administración Local, de conformidade co previsto no punto 3 deste artigo, as seguintes situacións:

a) Incapacidade temporal, mediante parte de baixa médica expedido por un facultativo da Seguridade Social que acredite a situación de incapacidade o día en que se produce o chamamento.

b) Maternidade, se a renuncia se produce entre o quinto mes de embarazo e a décimo oitava semana posterior ao parto.

c) Coidado de fillos/as menores de tres anos de idade ou dun familiar ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade que, por razóns de idade, enfermidade ou accidente, non se poida valer por si mesmo e non desempeñe actividade retribuída, sempre que se acredite a convivencia cos/coas ditos/as fillos/as ou familiar.

d) Adopción ou acollemento, se a renuncia se produce dentro das dezaseis semanas seguintes á chegada do adoptado ou acollido ao novo fogar. Este prazo ampliarase en dúas semanas máis no suposto de discapacidade da persoa adoptada ou acollida, e por cada unha no caso de adopcións ou acollementos múltiples.



Nos supostos de adopción internacional, se fose necesario o desprazamento previo ao país de orixe da persoa adoptada ou acollida, este prazo poderase incrementar ata tres meses.

e) Situación de violencia de xénero, acreditada por algún dos medios establecidos no artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento da violencia de xénero.

f) Actividade profesional no sector público ou privado. Neste suposto o dereito á suspensión do chamamento prevista no punto seguinte só se poderá exercer por unha única vez.

3. En todos os supostos relacionados no punto anterior, excepto no caso previsto na letra a), a persoa interesada deberá ter solicitada e autorizada a suspensión de chamamentos con anterioridade a que estes se produzan, para o cal deberá presentar na Dirección Xeral de Administración Local a documentación acreditativa necesaria a través do portal de servizos web Eido local.

Os efectos da suspensión produciranse desde o décimo día natural seguinte ao da presentación da correspondente solicitude no Rexistro da Dirección Xeral de Administración Local.

Unha vez finalizada a causa xustificativa da suspensión de chamamentos, a persoa interesada comunicarllo á dirección xeral no prazo máximo de quince días hábiles contados desde a referida finalización, para a súa reincorporación ao seu posto na bolsa que corresponda. O incumprimento desta obriga implicará a exclusión da bolsa.

4. Serán excluídas da bolsa de interinos correspondente as persoas integrantes que o soliciten. Así mesmo, e agás que concorra causa xustificada alegada que sexa acollida pola correspondente comisión, serán excluídas aquelas persoas que en calquera momento durante a vixencia das listas deixen de reunir as condicións previstas nesta orde.

Disposición adicional única. *Zonas de preferencia*

1. Establécense as seguintes zonas de preferencia, ás cales deben optar as persoas solicitantes sinalando unha delas na súa solicitude, xa que en caso contrario a dita solicitude será rexeitada sen máis trámites:

Zona 1: A Coruña.

Zona 2: Lugo.

Zona 3: Ourense.

Zona 4: Pontevedra.



De non existiren, ou de se esgotaren, as persoas integrantes dunha zona concreta de preferencia, as persoas candidatas pertencentes ás restantes zonas de preferencia estarán obrigadas, coas consecuencias que se sinalan na presente orde, a aceptar o chamamento que se produza.

Disposición derradeira. *Entrada en vigor*

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2017

Alfonso Rueda Valenzuela
Vicepresidente e conselleiro de Presidencia,
Administracións Públicas e Xustiza

ANEXO
Subescala secretaría-intervención

1. O acto administrativo. Concepto. Elementos. Clases. Requisitos: a motivación e forma.
2. A eficacia dos actos administrativos: o principio de autotutela declarativa. Condicións. A notificación: contido, prazo e práctica. A notificación defectuosa. A publicación. A aprobación por outra Administración. A demora e retroactividade da eficacia.
3. A invalidez do acto administrativo. Supostos de nulidade de pleno dereito e anulabilidade. O principio de conservación do acto administrativo. A revisión de actos e disposicións pola propia Administración: supostos. A acción de nulidade, procedemento, límites. A declaración de lesividade. A revogación de actos. A rectificación de erros materiais ou de feito.
4. Disposicións xerais sobre os procedementos administrativos e normas reguladoras dos distintos procedementos. Clases de persoas interesadas no procedemento. Dereito dos administrados. A iniciación do procedemento: clases, corrección e mellora de solicitudes. Presentación de solicitudes, escritos e comunicacións. Os rexistros administrativos. Termos e prazos: cómputo, ampliación e tramitación de urxencia. Ordenación. Instrución: intervención das persoas interesadas, proba e informes. A Administración electrónica. Regulación do acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.



5. Terminación do procedemento. A obriga de resolver. Contido da resolución expresa: principios de congruencia e de non agravación da situación inicial. A terminación convencional. A falta de resolución expresa: o réxime do silencio administrativo. A desistencia e a renuncia. A caducidade.

6. Recursos administrativos: principios xerais. Actos susceptibles de recurso administrativo. Regras xerais de tramitación dos recursos administrativos. Clases de recursos. As reclamacións administrativas previas ao exercicio de accións civís e laborais. As reclamacións económico-administrativas. Procedementos substitutivos dos recursos administrativos: conciliación, mediación e arbitraje.

7. A xurisdición contencioso-administrativa. Natureza, extensión e límites. Órganos da xurisdición e as súas competencias. As partes: lexitimación. O obxecto do recurso contencioso-administrativo.

8. A centralidade do cidadán. Participación da cidadanía. Transparencia e acceso a información. O bo goberno.

9. A potestade sancionadora: concepto e significado. Principios do exercicio da potestade sancionadora. O procedemento sancionador e as súas garantías. Medidas sancionadoras administrativas.

10. Réxime xurídico dos contratos do sector público: especial referencia ás administracións públicas. Entes excluídos e incluídos na lexislación estatal de contratos. Clases de contratos: contratos administrativos e privados. Características dos contratos de obras, de concesión de obras públicas, de xestión de servizos públicos, de subministración e de servizos. Invalidez dos contratos. Recursos en materia de contratos. Partes nos contratos. Capacidade, solvencia, prohibicións e clasificación. Os órganos de contratación.

11. Preparación e actuacións preparatorias nos contratos. Selección do contratista e adxudicación dos contratos: especial referencia aos procedementos de adxudicación e criterios de valoración. Sistemas para a racionalización da contratación do sector público. Garantías. Efectos, cumprimento e extinción dos contratos administrativos.

12. A expropiación forzosa. Suxeitos, obxecto e causa. O procedemento xeral. Garantías xurisdicionais. A reversión expropiatoria. Tramitación de urxencia. Procedementos especiais.



13. A responsabilidade da Administración pública: caracteres. Os presupostos da responsabilidade. Danos resarcibles. A acción e o procedemento administrativo en materia de responsabilidade. A responsabilidade patrimonial das autoridades e persoal ao servizo das administracións públicas.

14. Os bens das entidades locais. Clases. Bens de dominio público. Bens patrimoniais. Prerrogativas e potestades das entidades locais en relación cos seus bens. Os bens comunais. O inventario. Os montes veciñais en man común.

15. O réxime local: significado e evolución histórica. A Administración local na Constitución. O principio de autonomía local: significado, contido e límites.

16. As fontes do dereito local. Regulación básica do Estado e normativa das comunidades autónomas en materia de réxime local. A incidencia da lexislación sectorial sobre o réxime local. A potestade regulamentaria das entidades locais: regulamentos e ordenanzas. Procedemento de elaboración. O regulamento orgánico. Os bandos.

17. Lexislación galega de réxime local. Contido e caracteres.

18. O municipio: concepto e elementos. O termo municipal: o problema da planta municipal. Alteracións de termos municipais. Lexislación básica e lexislación autonómica. A poboación municipal. O padrón de habitantes. O estatuto dos veciños. Dereito dos estranxeiros.

19. A organización municipal. Órganos necesarios: alcalde, tenentes de alcalde, Pleno e Xunta de Goberno local. Órganos complementarios: comisións informativas e outros órganos. Os grupos políticos e os concelleiros non adscritos. A participación veciñal na xestión municipal. O concello aberto. Outros réximes especiais. Especialidades do réxime orgánico-funcional nos municipios de gran poboación.

20. As competencias municipais: sistema de determinación. Competencias propias, delegadas e competencias distintas das propias. A sustentabilidade financeira como presuposto do exercicio das competencias. Os convenios sobre exercicio de competencias e servizos municipais. Os servizos mínimos.

21. O sistema electoral local. Causas de inlexibilidade e incompatibilidade. Elección dos concelleiros e alcaldes. A moción de censura e a cuestión de confianza no ámbito local. O recurso contencioso-electoral. O Estatuto dos membros electivos das corporacións locais.



22. Réxime de sesións e acordos dos órganos de Goberno local. Actas, certificacións, comunicacións, notificacións e publicación dos acordos. O rexistro de documentos. A utilización de medios telemáticos.

23. A función pública local. Clases de empregados públicos locais. Os instrumentos de organización do persoal. Subescalas, categorías e funcións. Selección e provisión. Peculiaridades do seu réxime xurídico. O persoal funcionario propio das corporacións locais. O persoal laboral ao servizo das entidades locais. O persoal eventual. Os directivos públicos locais.

24. A relación de servizos dos funcionarios públicos locais. Dereito, deberes e situacións administrativas. Dereitos económicos e seguridade social. Negociación colectiva. Réxime de incompatibilidades. Réxime disciplinario.

25. Réxime xurídico dos funcionarios de habilitación con carácter nacional. Os postos de traballo de secretaría, intervención e tesouraría. Clasificación dos postos e funcións destes.

26. A liberdade de establecemento e liberdade de circulación de servizos e mercadorías. A garantía de unidade de mercado. As formas de actividade das entidades locais. A intervención administrativa local na actividade privada. As licenzas e autorizacións administrativas: as súas clases. A Directiva 2006/123/CE do Parlamento e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior: transposición ao dereito interno. A actividade de fomento na esfera local.

27. A iniciativa pública económica das entidades locais e a reserva de servizos. O servizo público nas entidades locais. Os modos de xestión. Especial referencia á concesión de servizos e á empresa pública local. O consorcio.

28. Evolución histórica da lexislación urbanística española: desde a Lei do solo de 1956 ata o texto refundido de 2015. O marco constitucional do urbanismo. A doutrina do Tribunal Constitucional. Competencias do Estado, das comunidades autónomas e das entidades locais.

29. Lei 2/2016, do solo de Galicia, e normativa de desenvolvemento. Principios, estrutura e caracteres.

30. Réxime urbanístico da propiedade do solo: principios xerais. Clasificación. Réxime do solo rústico. Réxime do solo urbano. Réxime do solo urbanizable. Réxime do solo de núcleo rural.



31. Criterios de valoración na lexislación estatal do solo e situacións básicas do solo.

